

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio publicación rectificación dun erro material no anexo de postos de traballo da convocatoria da fase de resultados do concurso ordinario 1/19

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, con data do 15 de maio do 2024, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Rectificar o erro material detectado, no anexo de postos de traballo, da resolución da convocatoria da fase de resultados do concurso ordinario 1/19, de data 09/04/2024 (BOP núm. 75, do 17/04/2024), en relación cos requisitos de ocupación sinalados no posto da xefatura de sección con referencia 1200, no seguinte senso:

Onde di:

REF.	POSTO	UNIDADE	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORM. COMP.
1200	Xefe/a de Sección	Inspección Medioambiental	Medio Ambiente	A1/A2	24	AE	FR11 ED		5101-02;5105;5107;5302;4303;4308. Carnet B

Debe dicir:

REF.	POSTO	UNIDADE	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORM. COMP.
1200	Xefe/a de Sección	Inspección Medioambiental	Medio Ambiente	A1/A2	24	AE	FR11 ED	5101-02;5105;5107;5302;4303;4308. Carnet B	

Segundo.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 15 de maio de 2024

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas

2024/3375